

O MEU VAL MIÑOR

- *Na procura das raíces*, por Francisco Fernández del Riego
- *Cando Praia América tiña mil nomes*, por David Reiner González
- *Estampas gondomareñas III*, por Antonio de Bade
- *Gondomar. Crónicas dun pobo*, por Clara María de Saá Quintas


Na procura das raíces

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Xosé González Carvalho era un sobranceiro poeta arxentino que ocupou un lugar de privilexio nas letras platenses. Pero nel había tamén algo que o vencellaba á vella terra do seu sangue. Fillo de pais galegos, recibiu desde neno no fogar familiar a lección de fidelidade ó país orixinario. Anos andados, o pintor Luís Seoane achegouno ó norte polo que se guiaba a cultura galega.

Coñecemos ó poeta cando dicía unha bela conferencia sobre “Galicia y Rosalía de Castro” nunha tribuna bonaerense. Escoitándoo, pareceunos home de sensibilidade refinada, culta. Das súas palabras transcendía unha emoción sentimental, matizada por certa melancolía soñadora. Xa publicara daquela o *Libro de canciones para Rosalía*. Un volume de veta reflexiva señoardosa, no que confluían sentimento íntimo e memoranza do pasado cun acento dorido de saudade. Eran versos onde a grazia lírica lle daba vigor á mestura sentimento-musicalidade.

Cando falamos por vez primeira con González Carvalho revelounos a necesidade que sentía de coñecer o país dos seus maiores. A decidida vontade de se reencontrar con Galicia impulsouno pouco despois a cruzar o océano. Aquí o tivemos durante unha breve tempada entre nós. Non esquecimos a forte emotividade que lle produciu o contacto coa terra dos seus devanceiros. Coa comarca montesía, fluvial, mariña, do Miñor, que soñara na distancia. As augas que pola Ramallosa se achegaban ó mar pareceronlle como o borboriño vital. Como a presenza constante da corrente do sangue de seu. A paisaxe miñorana, a pétreo imaxe da antiga casa patrucial, embeberon de señoardade a súa alma porosa, sensible.



Xosé González Carvalho

Na compañía do novo amigo, ruamos pola cidade viguesa varios servidores da cultura galega. Visitamos días despois os campos irienses. O remozado fogar onde vivira e finara a autora de *Follas Novas*. En Compostela, pisando as rúas laxeadas, sentiuse impresionado o poeta polo aire que a definía. Polas xurdias torres baixo as nubes lizgairas, Compostela tiña para el o sortilexio dos vellos poemas, harmonizado sobre un fondo de campás. Sabía ben que houbera un tempo no que o fiel europeo se colocara alí, no recanto galego, entre castiñeiros e rexos carballos. Lembrábamolo máis tarde, desde París. Escribíanos que en Compostela o portento axexaba detrás de cada esquina. Que a personalidade, fuxindo do anonimato vixente, atopaba nela un inefábel, suavísimo, relanzo.

González Carvalho sentía con verdade o país galego. Pero non co estado de ánimo do fillo pródigo que volve á casa paterna tras dos desenganos da ausencia. Nin moito menos como consiga ou programa. Sentíao dun xeito espontáneo, primordial, moito máis que sincero, orgánico. O seu amor era un amor piadoso que rexuvenecía, como a primavera, o torrón natal. Cando estivo afastado novamente da paisaxe e o ceo galegos, volvía a lembranza. Tiña saudade velaiñamente, como pedindo con voz xorda o reintegro á esencia das súas orixes.

Este era o poeta que coñecemos e limos. Un poeta que na súa mesma voz levaba o ton da poesía que soñaba e escribía. Un home sinxelo, sensible, espiritualmente delicado, con aire de señorío intelectual. Cando pasou a morte pola súa porta, levou con el uns anos que parece teren desaparecido tamén.

ANEXO

Engadimos ao texto de don Paco del Riego unhas breves notas biográficas sobre José González Carvalho, escritor, periodista e crítico de arte, que naceu en Bos Aires en 1901 e faleceu na mesma cidade en 1958, pouco antes de realizar a viaxe, en 1955, da que nos fala Don Paco no presente artigo. Dende moi novo comezou a colaborar nos grandes rotativos bonaerenses *La Nación* y *La Prensa*. Publicou numerosos libros, sobre todo de poesía e relatos, dos que podemos destacar unha *Antología* de 1947 ordenada e epilogada por Rafael Alberti e prologada por Pablo Neruda. Pero o que máis nos interesa salienta da súa personalidade é a súa incorporación sentimental e literaria ao ser galego, manifestada plenamente nunha parte esencial da súa obra: os artigos e conferencias dedicados a expoñer as impresións da súa visita á “patria interior”, como chamaba el á patria de seus pais, destacando os seus ensaios sobre Vigo, Compostela e o pintor Carlos Maside, e as súas obras, editadas ámbalas dúas polo Centro Gallego de Bos Aires, *Idioma y poesía gallega* (1953) e *Libro de canciones para Rosalía* (1956). (Tirado da Gran Enciclopedia Gallega).

No preámbulo deste último libro González Carvalho fálanos da xénese da súa devoción pola lingua galega e por Rosalía: “Oír hablar en la lengua galaica es para mi retorno al mundo de la niñez... Gallegos fueron, según gentes de mi casa, los primeros vocablos que escuché... Luego, al inicio de mi adolescencia, mi padre dejó entre mis manos un libro, diciéndome: Está escrito en mi lengua natal”. Era unha edición de “Follas Novas” de 1909. Con 14 anos González Carvalho escribiría a

súa primeira manifestación admirativa cara a Rosalía, un soneto. Deste *Libro de canciones para Rosalía* escolmamos uns fragmentos que nos permiten achegarnos á sensibilidade de González Carbalho:

El Guía

Mi padre levantaba
la frente de tus versos
y eran sus ojos lluvia,
Galicia con sus cielos.

Oh, nativo paisaje
que a sus ojos volvía,
después de andar perdido
por tus verdes neblinas.

Cerraba el libro. Luego,
pensativo, pausado,
sobre la oscura tapa
demoraba su mano.

VI – Nostalgia

¿Sabéis que yo era dueño
de un río? ¿Que de un monte
sabéis? De las mañanas
la copa de colores
rebozante, era mía.
¡Qué mío el horizonte!
Me acompañaban siempre
mi perro y mis canciones.
Íbamos en el viento.
Libres. Los pies veloces.
Animando los pájaros
de los alrededores.
Atando hebras de luz
para alumbrar las noches.
Subiendo por los pinos
hasta la fuente donde
la claridad es agua
manando sin rumores.
Ay, el dueño de valles
y misteriosos bosques
por el que andaba yo,
mi perro y mis canciones.
Mis canciones que vuelven
sólo para que lllore.
Mi perro ya olvidado
de obedecer al nombre.
Yo, que perdí mis cielos,
y soy tan pobre!

(do poema "Cuando mi padre
habló de su infancia")

Historia

No nació de mujer
y varón.
Viene de una nación.

Los pechos de la tierra
la amamantaron
y los azules ríos
de Padrón
por sus venas pasaron.

Su tierra tiene un nombre
que no es nombre,
es caricia.
Mas bien es un jazmín
en los labios:
¡Galicia!

Cuatro siglos su vientre
la tuvo en gestación.
Así engendró la hija
que le daría voz.

(...)